



Castelao, “un antídoto contra o minifundio”. A expresión, da profesora Pilar García Negro, resume á perfección as visións achegadas onte no congreso dedicado ó galeguista en Rianxo, onde tamén se pediu unha “desmitificación” da súa figura para “coñecelo tal como foi”.

Antídoto ó minifundio

García Negro salientou que na obra de Castelao “apréciese unha solidariedade textual entre as partes” onde “as pezas dependen unha mesma forza matriz, a do representante maior do nacionalismo galego na primeira parte deste século”. Nos textos, o autor de *Sempre en Galiza* “escolle como suxeito épico o pobo galego e coloca no reverso os parasitos representados nos caciques ou nos políticos corruptos”. O mundo presentado por Castelao móvese sempre, porén, “baixo unha capa de humorismo intelixente e espertador” para “un pobo necesitado de signos públicos de representación, de espellos fieis” nos que mirarse. Polo tanto, engade García Negro, “o seu paternalismo responde a unha necesidade da sociedade” e “nunca á demagogia”.

A profesora da Universidade da Coruña salienta como principios caracterizadores do Castelao escritor “profesional, vocacional, perseverante e experto” a súa “sensibilidade” que “privilexiou a consideración das ataduras das mulleres nun mundo de, para e ó servizo dos homes”. A muller ten presenza coa súa voz directa nos textos de Castelao, que “denuncia a explotación laboral e sexual” do corpo feminino. Non é casualidade que unha nena e unha vella abran e pechen, respectivamente, as *Cousas*. García Negro salientou asemade a presenza da “lacrada da emigración” cos “símbolos desta dinamita social” como a fractura nos afectos, a inadaptação ou a miseria.

Outra característica definitoria é o “anti-racismo, pois Castelao deixa claro que ningunha cuestión nacional se pode basear na raza nin no tamaño do cráneo de ningún”.

“O grande esforzo de Castelao foi dicir que Galicia ten dereito a interpretarse a si mesma”, dixo a tamén deputada autonómica, porque as súas achegas “constitúen o mellor antídoto contra o minifundio”.



Pola esquerda, Henrique Monteagudo e Pilar García Negro, onte, no congreso sobre Castelao en Rianxo

García Negro defende o paternalismo de Castelao e Casares pide a desmitificación da súa figura

fesor Henrique Monteagudo dictou unha conferencia sobre o Castelao ensaísta onde salientou o “sentimentalismo” do galeguista, o “uso de elementos da linguaxe coloquial e popular, a calidade pictórica das descripcións, o simbolismo ou o seu carácter didáctico”.

Monteagudo cualificou de “moi elaborada” a prosa de Castelao, cuestión que exemplificou coas *Verbas de chumbo*.

Cartas

A sesión da mañá do congreso, que se prolongará ata o sábado, continuou cun relatorio de Xosé María Dobarro sobre *Os vellos non deben de namorarse*. Esta obra, precisamente, preséntase hoxe os medios de comunicación na montaxe realizada polo Centro Dramático Galego (CDG). Onte á tarde, os asistentes o congreso desprazáronse ó Salón Teatro de Santiago onde presenciaron o seu ensaio xeral.

me Krukemberg presentou catro cartas inéditas que Castelao lles dirixiu ós irmáns Vilar Ponte, tres a Antón e unha a Ramón. Tras lelas en público e explicar que son fotocopias dos orixinais que lle facilitou a filla de Ramón, Teresa, sinalou que a súa importancia radica “na claridade meridiana con que se ven nelas os proxectos políticos” do autor de *Retrincos*.

O escritor Xesús Rábade Paredes abordou, pola súa banda, unha explicación da “estilización literaria” de Castelao. Salientou a “capacidade comunicativa ante unha realidade sangrante” do galeguista, que “mantén unha actitude ética de base que informa a súa estética”. Fronte ó retoricismo, Castelao “invalida a separación entre arte culta e arte popular e dignifica o patrimonio artístico do que parte”. Rábade falou do “universo multisensorial”, da “combinación

idiosincrático do pobo” que percorre Castelao.

A académica da RAG Luz Pozo fixo un estudio sobre *Retrincos*, onde atopou “rasgos expresionistas” e unha “ollada ferida polo sentido dramático da vida e, ó tempo, atravesada pola luz e o amor”. Nos textos, “onde o propio autor incide unha e outra vez no seu carácter autobiográfico”, móstrase un “discurso sinxelo e antirretórico, onde as relacións humanas son a clave”. Dálle, ademais, “verosimilitude á ficción”.

Desmitificación

Trala primeira intervención na tarde da catedrática de filoloxía galego-portuguesa Pilar Vázquez Cuesta —na que se falou das relacións de Castelao cun Portugal que representaba “a liberdade que non existía en Galicia”—, tomou a palabra o presidente do Consello da Cultura Galega, o escritor Carlos Casares. Nunha in-

tas que provocaron máis dun sorriso no auditorio.

Casares afirmou que a “mitificación actual de Castelao só o degrada e o despurifica”. “Cincuenta anos despois”, dixo, “hai que coñecelo tal e como foi”. Tras cualificalo como “figura mítica”, aseverou que non se pode pechar a interpretación da súa actuación política, sempre cualificada de “perfecta e decisiva” e tachar os críticos con el de “traidores á súa memoria”. “Hoxe temos elementos de xuízo que nos permiten establecer as discrepancias entre Castelao e os seus compañeiros do Partido Galeguista (PG) sen facer ningún drama”, diferencias nas que sinalou a constitución e representatividade do Consello de Galicia. “De observar a documentación podemos ver que, dende as súas perspectivas, todos tiñan razón; isto non converte a uns en bos e a outros en malos”, concluíu.